

OFICINA TÉCNICA

## O Consello de Administración do Consorcio aprobou a licitación da substitución da cuberta do Palacio de Congressos

O Consorcio de Santiago reuniu o seu Consello de Administración e Comisión Executiva o martes 28 de marzo para aprobar, entre outros asuntos, o expediente de contratación da intervención na cuberta do Pazo de Congressos compostelán.

A licitación da substitución xa está publicada na Plataforma de Contratos do Sector Público por un importe de 1.912.700 euros.

Tamén se trataron as posibilidades dunha futura orde de subvencións en concorrencia competitiva que terán a finalidade de elaborar, por parte da Oficina Técnica do Consorcio, proxectos de rehabilitación e plans de mantemento dos edificios monumentais da cidade que gocen da maior catalogación.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-aproba-licitacion-da-substitucion-da-cuberta-do-pazo-de-congresos>



## Aprobado o encargo a Tragsa da redacción da obra do Centro Loxístico de Mercadorías do Casco Histórico

A Comisión Executiva do Consorcio tamén se reuniu o pasado día 9 para aprobar, entre outros asuntos, o encargo á empresa Tragsa da redacción do proxecto mais a execución da obra do Centro Loxístico de Provisión e Distribución de Mercadorías da Cidade Histórica por un importe de 4.598.000 euros.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/comision-executiva-do-consorcio-aproba-o-encargo-empresa-tragsa-da-redaccion-do-proxecto-e>

PUBLICACIÓNS

## Presentados dous libros con aspectos históricos da cidade

O Consorcio de Santiago presentou neste mes de marzo libros pertencentes á súa Biblioteca científica: 'El Bestiario de la Catedral de Santiago de Compostela. Espacio, función y audiencia', escrito por Victoriano Nodar Fernández, e o libro 'Escribir en Santiago. El universo gráfico compostelano entre 1450 y 1550', escrito por Adrián Ares Legaspi.

O primeiro dos libros recolle todos os capiteis con temas animalísticos que decoran o interior da Catedral de Santiago. Case setenta exemplos que se reparten por todos os espazos do edificio: na cabeceira, brazos do cruceiro, as naves, os pórticos interiores, as galerías e a cripta.

Pola outra parte, o libro sobre o universo gráfico compostelán fai unha análise das relacións económicas, sociais e administrativas do século XV nas que está presente a escritura. Unha época na que "se desenvolve en Europa un verdadeiro imperio das letras", segundo o autor. "A capital deste imperio do noroeste peninsular foi, sen lugar a dúbidas, Santiago, unha cidade neste período con puxantes institucións que utilizaban profusamente a escritura, todas elas cunhas características singulares que estimulan e enriquecen a investigación paleográfica", indica.



MÚSICA



## A Real Filharmonía de Galicia participa na Semana de Música Relixiosa de Cuenca

Tras un marzo moi intenso en canto a actividade, a Real Filharmonía de Galicia terá un mes de abril con actuacións moi especiais.

Esta Semana Santa, a orquestra visitará Cuenca para participar na Semana de Música Relixiosa, un festival que celebra a súa sexaxésima edición e que conta con moita súa no mundo da música clásica.

Despois deste, virán tres novas actuacións en Santiago que se replicarán en Lugo, Ferrol e Pontevedra, respectivamente. A primeira delas terá por título 'Tesouros Musicais', con Amandine Beyer como directora-concertino. A semana seguinte levará por título 'Homenaxe' para recibir a visita de Paul Daniel, quen terá ao seu lado á frautista Silvia Careddu e o pianista Juan Carlos Fernández Nieto. Por último, o 27 de abril Nil Venditti dirixirá á Filharmonía baixo o nome de 'Flores Italianas'.